

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2022 / 9890.- Aprobación bases XVI Premio "Luís Ksado" de Creación Fotográfica

#### XVI Premio "Luís Ksado" de Creación Fotográfica

Tendo en conta a significación especial que, para a difusión das artes da imaxe e, especialmente da fotografía, posúe, dende hai tempo a nosa provincia e coa finalidade de contribuír á conservación da memoria de personaxes tan representativas neste campo como foi Luís Ksado, a Deputación da Coruña convoca o "XVI Premio "Luís Ksado" de Creación Fotográfica, de acordo coas seguintes:

#### BASES

##### Primeira.-

Poderán participar todas as persoas maiores de idade, interesadas no campo da fotografía, que non fosen premiadas con este premio nos cinco anos anteriores e que presenten obras non premiadas en ningún outro premio ou certame.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

##### Segunda.-

Establécese un premio único dotado con **6.500 €**, que poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

A Deputación poderá publicar un catálogo coas obras premiadas e, previo acordo coas súas autoras ou autores, poderá publicar ou expoñer, tamén, aquelas obras que non fosen premiadas e que o xurado considere de calidade.

As persoas cuxas obras sexan incluídas na publicación recibirán cinco exemplares do catálogo.

##### Terceira.-

As fotografías deberán compoñer unha serie de un mínimo de seis e un máximo de doce, en formato de 30 x 40 cm. As copias deberán entregarse sen tipo ningún de montaxe ou enmarcado, en color ou branco e negro e inscribíranse no campo do fotodocumentalismo, fotoperiodismo ou reportaxe en xeral.

Non serán admitidas imaxes de montaxes, nin de manipulación dixital.

Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que se enviará un sobre á parte, en cuxo exterior conste: XVI Premio Luís Ksado, de Creación Fotográfica, o título da obra ou o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa a autora da obra; no seu interior será incluída a documentación seguinte:

- copia do documento de identidade
- o enderezo, un teléfono de contacto, un correo electrónico
- un breve currículo

- unha declaración de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data de presentación, en ningún outro certame ou premio

- declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e da súa cesión temporal para os efectos da reprodución total ou parcial da obra e a súa inclusión no catálogo e na exposición itinerante das obras seleccionadas polo xurado

- declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no **XVI Premio “Luís Ksado” de Creación Fotográfica**, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As fotografías deberán levar no dorso o título da serie, ou un lema, e o número de orde que teña cada unha delas dentro da serie.

#### **Cuarta.-**

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As obras enviaranse á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre *XVI Premio “Luís Ksado” de Creación Fotográfica*.

#### **Quinta.-**

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegar e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía, nomeadas por ela. As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegar.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación ([www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

#### **Sexta.-**

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art.17 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O fallo do xurado será inapelable. Terá lugar no primeiro semestre de 2022 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal) ; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

O xurado poderá realizar unha selección entre as obras non premiadas, para a súa inclusión nunha exposición, que será itinerada por municipios da provincia; para esta exposición será editado o correspondente catálogo, do que se entregarán cinco exemplares a cada unha das persoas autoras presentes na exposición.

Neste caso, as persoas que resulten seleccionadas recibirán (cada unha delas) unha cantidade única de 300 € , en concepto de indemnización pola cesión temporal das coleccións.

#### **Sétima.**

As obras non premiadas serán devoltas ás/os autoras/es , despois da decisión do premio. Para estes efectos ao día seguinte ao da publicación da decisión do xurado abríranse todas as plicas e devolveranse as coleccións non seleccionadas.

#### **Oitava.-**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**Novena.-**

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o Premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Concurso por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal). Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 22 de febreiro de 2022

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria xeral

Amparo C. Taboada Gil

2022/965